



NORMAS DE ADMISIÓN PARA CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL DE RIVEIRA 2019

O programa cultural de conciliación celébrase dende hai anos como unha programación estable adquirindo grande demanda e satisfacción cidadá, converténdose nun dos eventos de referencia da área municipal de cultura e festexos.

Os campamentos de conciliación terán lugar durante as vacacións de Nadal do 2019 e tamén nos meses de xullo e agosto, de luns a venres –excepto festivos- de 09 a 14 h destinados a nenos e nenas de 3 a 12 anos (segundo o campamento) co obxectivo de que os máis novos pasen unhas vacacións de ocio, divertimento, aprendendo contidos de todo tipo e en ámbitos relacionados coa igualdade, o medio ambiente, as novas tecnoloxías e a lingua galega e inglesa tratada de xeito transversal.

RELACIÓN DE CAMPAMENTOS E NÚMERO DE PRAZAS:

1. **CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “XOGA CON NÓS”** (do 01 de xullo ao 30 de agosto de 2019 en Riveira): 120 PARTICIPANTES nados de 2011 ao 1 de xullo de 2016. Agrupamento máximo de 30 participantes. LUGAR: CEIP O GRUPO
2. **CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “VERÁN RECHINÁN”** (do 01 de xullo ao 30 de agosto de 2019) a celebrar nunha parroquia a determinar para nenas e nenos de Aguiño-Carreira-Castiñeiras e Oleiros-Corrubedo-Oliveira-Artes: 30 PARTICIPANTES en cada agrupamento para nados de 2011 a 2015.
3. **CAMPAMENTO DE INGLÉS “CAMP OF CULTURAL SUMMER”** (do 01 de xullo ao 30 de agosto de 2019 en Riveira): 34 PARTICIPANTES nados de 2007 a 2011. LUGAR: CEIP O GRUPO
4. **CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “NADAL CONCILIA”** (do 23 de decembro de 2019 ao 7 de xaneiro de 2020 en Riveira, ou segundo determine o calendario escolar 2019/2020, incluíndo os días 24 e 30 de decembro): 120 PARTICIPANTES nados de 2011 ao 2016. Agrupamento máximo de 30 participantes.
5. **CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “NADAL XOGO”** (do 23 de decembro de 2019 ao 7 de xaneiro de 2020, ou segundo determine o calendario escolar 2019/2020, incluíndo os días 24 e 30 de decembro) a celebrar na parroquia de Aguiño para nenas e nenos de Aguiño-Carreira-Castiñeiras e na parroquia de Artes para nenas e nenos de Artes-Corrubedo-Oliveira-Oleiros ou a determinar polo Concello de Riveira: 60 PARTICIPANTES nados de 2011 ao 2016. Distribuídos en dous grupos dun máximo de 30 participantes por agrupamento parroquial.

PRAZOS DE PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA:

Ábrese un prazo de preinscrición do 10 ao 23 de xuño de 2019 para o Verán Cultural e do 2 ao 15 de decembro de 2019 para o Nadal Cultural, período no que poderán anotarse todas as persoas interesadas que cumpran os requisitos establecidos cubrindo os seus datos nun formulario online a través da web oficial do Concello de Riveira (www.riveira.gal): Este formulario para o VERÁN CULTURAL estará operativo dende as 09:30 h do 10 de xuño ata as 23:59 h do 23 de xuño –podendo facelo tamén de xeito presencial nas dependencias da Concellería de Cultura, onde os empregados públicos empregarán o mesmo formulario online para garantir a orde de solicitude, neste último caso de 09:30 a 14:00 h os días laborais-, e para o NADAL CULTURAL estará operativo das 09:30 h do 2 de decembro ás 23:59 h do 15 de decembro –podendo inscribirse tamén de xeito presencial nas dependencias de Cultura no mesmo horario que no verán- e que se emprega para ter unha previsión de número de participantes.

Publicación listaxes provisionais e definitivas de admisión e período de formalización da matrícula:

Verán: O día 25 de xuño publicarase na web municipal e nas dependencias de Cultura a listaxe provisional de admisión, tendo o día 26 de xuño de prazo para reclamacións e publicándose o 27 de xuño nos mesmos lugares a listaxe definitiva. **O prazo de formalización da matrícula, coa entrega da documentación e a autorización de cargo do importe da matrícula en conta, será do 28 de xuño ao 5 de xullo.** O día 27 de xuño publicarase a listaxe definitiva de participantes e os lugares e grupos, segundo o campamento no que participen, aos que deberán dirixirse o día 1 de xullo –no caso dos participantes do mes de xullo e todo o verán- e o 1 de agosto –no caso dos participantes do mes de agosto-.

Nadal: O día 17 de decembro publicarase na web municipal e nas dependencias de Cultura a listaxe provisional de admisión, tendo o día 18 de decembro para reclamacións e publicándose o 19 de decembro nos mesmos lugares a listaxe definitiva. **O prazo de formalización da matrícula, coa entrega da documentación e a autorización de cargo do importe da matrícula en conta, será do 20 ao 27 de decembro.** O día 19 de decembro publicarase a listaxe definitiva de participantes e os lugares e grupos, segundo o campamento no que participen, aos que deberán dirixirse o día de comezo da actividade.

NORMATIVA DE ADMISIÓN E DOCUMENTACIÓN:

Orde de prioridade na reserva da praza en caso de encherse os cupos:

Todos os preinscritos a través do formulario habilitado na web oficial do Concello de Riveira, serán seleccionados tendo en conta os seguintes requisitos por orde excluínste de prioridades (unha vez descontadas as correspondentes prazas reservadas a emerxencia social):

1. Participantes empadroados no municipio de Riveira (o empadramento comprobarase administrativamente por parte de persoal municipal).
2. Proxenitor –pai/nai/titor- traballador en activo (terán que realizar unha declaración xurada e en todo caso, de ser necesario demostrárase con certificado de empresa ou documento similar-; terán maior prioridade os participantes de familias monoparentais onde o proxenitor sexa traballador en activo e os de familias onde os dous proxenitores sexan traballadores en activo).
3. Orde de inscrición (comprobarase pola data e hora da preinscrición no formulario online).

Admisión de participantes con diversidade funcional (presentando certificado oficial do grao de discapacidade):

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.
- Presentar o certificado oficial de grao de discapacidade no momento da solicitude e que no mesmo non se recolla a necesidade de axuda dunha terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.

Documentación necesaria para a formalización matrícula:

- Modelo de Matrícula (facilitada pola Concellería de Cultura) debidamente cuberta.
- Autorización de participación debidamente cuberta (facilitada pola Concellería de Cultura).
- Declaración xurada de ser traballador en activo (de ser o caso poderase solicitar Certificado de empresa ou documento similar).
- DNI ou folia do libro de familia correspondente ao participante.
- DNI do titular da conta bancaria: pai/nai/titor responsable.
- Certificado bancario co número de conta.



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Documentación complementaria no caso de bonificación do 20% do prezo da matrícula:

- Fotocopia do título de familia numerosa (categorías Especiais e Xerais).
- Informe de Vida Laboral e certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego (para desempregados de longa duración)
- Certificado de discapacidade do/a participante ou proxenitor.

PREZOS PÚBLICOS DE PARTICIPACIÓN NOS CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E DO NADAL CULTURAL DE RIVEIRA 2019:

CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “XOGA CON NÓS” (verán 2019)

Prezo de Matrícula: 1 mes 60,00 € - 2 meses: 100,00 €

CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “VERÁN RECHINÁN” (verán 2019)

Prezo de Matrícula: 1 mes 60,00 € - 2 meses: 100,00 €

CAMPAMENTO DE INGLÉS “CAMP OF CULTURAL SUMMER” (verán 2019)

Prezo de Matrícula: 1 mes 70,00 € - 2 meses: 120,00 €

CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “NADAL CONCILIA” (Nadal 2019-2020)

Prezo de Matrícula: 24,00 €

CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “NADAL XOGO” (Nadal 2019-2020)

Prezo de Matrícula: 24,00 €

Desconto do 20% sobre o importe de matrícula que corresponda aos fillos/as das familias que reúnan algunha das seguintes condicións ou circunstancias, e así o acrediten documentalmente:

- Familias que teñan a obtención do **TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA** (categorías Especiais e Xerais),
- Familias nas que, ao menos, un dos seus membros sexa **DESEMPREGADO/A DE LONGA DURACIÓN** (que teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 365 días se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos de idade, debendo presentar *vida laboral e/ou certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego*).
- Familias nos que un dos proxenitores (pai/nai/titor) ou o propio participante acrediten unha **DISCAPACIDADE DE AO MENOS O 33%** (acreditando tal condición co certificado de discapacidade).

Reserva do 10 % das prazas dos campamentos para emerxencia social (12 prazas en Xoga con Nós e Nadal Concilia, 3 prazas en Verán Rechinán, 4 prazas en Campamento de Inglés Camp of Cultural Summer e 6 prazas do Nadal Xogo), estando estes participantes exentos do pago da matrícula correspondente. Estes participantes deberán derivarse dende a área de Servizos Sociais do Concello de Riveira a través dun informe ou relación detallada elaborada polos profesionais do departamento.

Aprobado pola XGL con data 04/04/2019.